



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 7 DE XANEIRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día sete de xaneiro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona María Jesús González Roel, don Manuel Marante Gómez, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e dona Marta María Vázquez Golpe.

Non asiste e presenta escusa don Santiago Manuel Rios Rama.

Intervén, como secretaria por delegación, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.- Correspondencia.

- Escrito da excma. Deputación provincial da Coruña, servizos sociais, rexistrado de entrada con data do día 3 de xaneiro de 2013, co número 50, polo que se comunica que pola presidencia da Deputación se resolveu "aboar ao Concello e Cambre o importe de 280,26 euros polo concepto de incremento do IVE da obra subvencionada por esta Deputación no programa de eliminación de barreiras arquitectónicas 2008, para a eliminación de barreiras no entorno da Galescola Rúa Río Sil.

- Escrito da Dirección Xeral de Ornamentos, Consellería de Facenda, Xunta de Galicia, rexistrado de entrada con data do 4 de xaneiro de 2013, co número 111, polo que se comunica a transferencia de 64.224,81 euros, en concepto de participación do 12º mes do Fondo de Cooperación Local do actual exercicio.

2º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que xa informou á representante dos laborais, do sindicato UXT, de que o goberno está a estudar a posibilidade de sacar a licitación o servizo de conserxería das instalacións deportivas e de que aproveitou a ocasión para informarlle dos incidentes ocorridos na tramitación do obradoiro de emprego.

A continuación, o señor concelleiro informa de que no día de hoxe se publicou no BOP a licitación para a contratación da construción da nave que albergará o servizo de protección civil e de que posteriormente procederán a sacar a licitación o servizo de axuda no fogar e, logo, a reforma dos locais de ensaio.

En canto á construción urxente dun muro de contención na parroquia de Santa María de Vigo para evitar o seu derrubamento total sobre a calzada, o señor concelleiro sinala que para vindeiras ocasións este tipo de actuacións deberían contratarse mediante un procedemento de emerxencia.

En canto á cabalgata de reis, informa que son dos poucos Concellos que están a esixir á empresa adxudicataria a presentación da póliza do seguro de responsabilidade civil e o recibo de estar ao corrente no pago.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que no día de onte finalizou a campaña de nadal, que tivo moi boa acollida polos comerciantes e usuarios, especialmente polos comerciantes do Temple, que lle manifestaron o seu agrado pois foi o primeiro ano que alí se levaron a cabo iniciativas deste tipo.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente.

Dona Rocío Vila Díaz informa de que finalizou o período de alegacións para a delimitación do Camiño de Santiago Inglés sen que se presentase ningunha, tampouco por parte do Concello, pois o trazado proposto pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria coincide co proposto polo Concello. Do anterior, engade, daráselle traslado á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Tamén informa a señora concelleira de que, realizada unha visita ás Casas Bailly, detectouse unha apertura para entrar na casa e xa se deu orde á policía para que investiguen este asunto.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes do concelleiro delegado da área de obras e servizos.

Don Manuel Marante Gómez informa de que esta semana se regularizará a situación da parada de taxis de Cambre, recheando os ocos existentes e pintando a zona que queda dende o paso de peóns para aparcamento libre.

Tamén informa o señor concelleiro que, coa colaboración dos operarios que concedeu a deputación, xa desbrozaron algúns camiños en Santa María de Vigo e están limpando o de Sobrecarreira, despois, adicaranse a desatascar humideiros ó final da Rúa Constitución, na confluencia coa Rúa padre Feijoo e a Nacional VI.

Para rematar a súa intervención, o señor concelleiro tamén informa que próximamente aplicarán un tratamento en todas as sendas municipais con aglomerado para eliminar o verdín que as cubre xa que fai que sexa perigoso transitar por elas e, aínda que xa tentaron eliminalo por varios medios, resultaron ser pouco eficaces.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que rematou, con éxito, o programa "xogando no nadal", para a conciliación da vida familiar e laboral, no que participaron 65 nenos, sendo admitidas tódalas solicitudes. Engade que xa se entregaron os diplomas.

Na área de educación, informa que esta semana comezará a impartirse nos centros de Brexo-Lema, Portofaro e Cambre o programa "saúde na escola" pola asociación ADAFAC (asociación de axuda a familias de drogodependentes), programa financiado cunha subvención da Consellería de Sanidade. Engade que o programa consta de tres módulos: hábitos saudables (trataranse temas como a alimentación, o exercicio físico...), convivencia (na casa, nos centros escolares, na comunidade...) e malos rolos (tratarase o tema das drogas legais).

Tamén informa a señora concelleira que a cabalgata de reis saiu segundo o previsto, sen incidencias e con boa organización, polo que agradece a colaboración a tódolos participantes.

Para rematar a súa intervención, a señora concelleira informa de que nos vindeiros días lle remitirá un escrito a tódolos veciños informando dos servizos que se prestan dende a área de servizos sociais, co fin de impedir que alguén quede sen acceso aos mesmos por falla de información.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa de que xa finalizou o cerramento da pista de skate con malla metálica e de que tamén se instalaron na mesma varios puntos de luz así como unha fonte de auga.

A continuación, informa o señor concelleiro de que, ante o inminente comezo das obras de reforma dos locais de ensaio, están a manter reunións con varias asociacións para que presenten propostas de uso das instalacións. Engade que algunhas delas resultan moi interesantes, como a da asociación "ITINERE", que propón a utilización dos locais dous días á semana, adicando cada semana ao perfeccionamento dun instrumento mediante clases impartidas por profesionais de renome.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e dez minutos, do que eu, secretaria por delegación, certifico.

O presidente

Manuel Rivas Caridad

A secretaria, por delegación

Verónica María Otero López